

FESTIVAL LETRAS GALEGAS EN VILABOA

Dentro das actividades do Día das Letras Galegas 2009, dedicado á figura de Ramón Piñeiro, o vindeiro domingo **17 de maio** ás 19 horas no Centro Cultural, Social e Recreativo de Rutis, terá lugar o tradicional **FESTIVAL LETRAS GALEGAS**, que dende hai trece anos celebramos conxuntamente o Centro Cultural de Vilaboa e a Concellería de Cultura de acordo co seguinte Programa de Actuacións:

- Grupo Folclórico **“Toxos e Xestas”** do Centro S. C. e R. de Rutis, grupo propio do Centro Cultural de Rutis con mais de 40 anos de historia.
- **Grupo Instrumental de Maiores** do Concello de Culleredo.
- **Coral de Maiores** de Culleredo, que como o grupo instrumental pertencen ao concello de Culleredo, nutridos por músicos e coralistas dos clubs de maiores do Concello.
- **Banda de Música de Negreira**, que farán un concerto de música galega.

Culleredo, 11 de maio de 2009.
O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez